

ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN MESTRE DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS DO "OBRADOIRO DE EMPREGO XESTIÓN FORESTAL TORRE GOIÁNS II BOIRO"

SESIÓN DO 27/09/2022

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 2: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 3: Carmen Saavedra Pego

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 10:30 horas do 27/09/2022, reúnense os membros do tribunal designado para a selección dun mestre de aproveitamentos forestais do "Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre Goiáns II Boiro".

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 176 de data de 15/09/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal

O obxecto desta sesión é a valoración da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo segundo resolución de alcaldía de 26/09/2022.

1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata que na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, na que se realizaron, asemade, preguntas sobre os méritos acreditados ou sobre aspectos prácticos das funcións que se deberán desenvolver.

O tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

NOME	PUNTOS ENTREVISTA
MANUEL FERNANDEZ BUCETA	5,20
RAMON CAAMAÑO VARELA	6,80

2.- REALIZACIÓN DA BAREMACIÓN.

Tendo en conta o inicio inminente do obradoiro, o tribunal por unanimidade acorda reunirse ás 13.20 horas do día de hoxe para a realización da baremación.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 11.00 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE





Cod. Validación: 4STD4XE5WLM7GJ3ZEXKXAF | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2